

Mobilicémonos en defensa das pensións



**Na Galiza, emprego,
salarios e pensións dignas**

Mobilizacións 15 de abril:

Guitiriz:

Ás 12:00h. na Praza da Feira

CI G

Confederación Intersindical Galega

www.cig.gal

Na Galiza, emprego, salarios e pensións dignas

- O futuro das pensións non é un problema económico, é un problema de decisión política.
- As pensións non están en risco se se aplican as medidas adecuadas. Son os gobernos como o de Raxoi, os que queren que pensemos que perigan para poder facer negocio coas nosas pensións.
- A Administración ten a obriga de garantir as pensións públicas e pode facelo. O Sistema Público de pensións na Galiza, ou mesmo un Sistema Público galego, é viábel, posíbel e capaz de por si.
- O noso pobo padece salarios máis baixos e maior precariedade no traballo, con menos anos cotizados ao longo da vida laboral. E as reformas sucesivas de PP e PSOE (algunhas delas apoiadas por CCOO e UGT), aumentan ese problema.
- As reformas das pensións do 2011 e 2013, así como as reformas laborais, van xustamente no sentido contrario ao de soste-lo sistema público de pensións, porque afondan no baleirado da caixa das pensións, empobrecen os salarios, reducen os ingresos das cotizacións, e dificultan o acceso ás pensións.
- A solución á actual situación pasa por unhas políticas económicas e laborais diferentes, empezando pola derogación das reformas anteriores.
- Non se trata só de que apliquen unha suba xusta para as actuais prestacións, hai que garantir o seu futuro, o futuro das pensións para toda a clase traballadora.
- Desde a CIG defendemos un Sistema Público de Pensións que parte da base de que Galiza non é un país deficitario, senón que pode soste-erse moi dignamente se se levan a cabo as medidas adecuadas. Por iso nos vimos mobilizando desde hai anos, mesmo convocando en solitario unha folga contra a reforma de 2011. Non imos parar, levaremos adiante todas as medidas que sexa precisas na loita por unhas pensións públicas dignas.

**As pensións foron unha conquista da clase traballadora a través da loita
E é a través da loita como se defenden**

**Defende a túa pensión! Defende o teu futuro!
Mobilízate coa CIG!**

The logo of the Confederación Intersindical Galega (CIG), consisting of the letters 'CIG' in a stylized, bold, white font on a red background.

Confederación Intersindical Galega

www.cig.gal